



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE BARREIROS

A plataforma coordinadora das empresas auxiliares de Alcoa vén de dirixirse aos grupos políticos para trasladar a necesidade de apoio explícito por parte dos Concellos da Mariña ao persoal das mesmas, tras o anuncio dun ERTE en dúas delas que afecta a 50 traballadores, a consecuencia da decisión da multinacional Alcoa de non realizar a rebrascaxe das cubas que chegan ao final da súa vida útil.

O persoal das auxiliares representan un 50% do persoal que emprega Alcoa en San Cibrao, supoñendo uns 1000 postos de traballo dos 2000 directos que sempre se consideran cando se fala da factoría de alúmina e aluminio en San Cibrao.

Debido á incidencia no emprego que teñen estas medidas, que afecta tamén ás veciñas e veciños de Barreiros tanto de xeito directo como indirecto, o Concello de Barreiros quere manifestar a postura unánime dos grupos municipais na corporación de apoio inequívoco á totalidade de traballadoras e traballadores afectados por esta medida, e, ao tempo, asumir como propias as reivindicacións do propio cadro de persoal.

Polo tanto, o Concello de Barreiros manifesta por medio desta declaración institucional a súa decisión de:

- Trasladar o apoio institucional do total da corporación municipal de Barreiros aos 50 traballadores afectados, en primeira instancia, pola decisión adoptada e que xa se atopan en ERTE.
- Amosar o rexeitamento á medida anunciada por Alcoa de non rebrascar as cubas, polas consecuencias directas no emprego que supón.
- Dirixirse á Xunta de Galicia para solicitar a súa mediación para evitar que sexa efectiva a decisión da multinacional e se busque unha solución para que non paren as cubas, así como para que ningún traballador/a de empresas auxiliares perda o seu posto de traballo.
- Dirixirse ao Goberno Central para solicitar a súa inmediata intervención para que a multinacional non deixe morrer a factoría de San Cibrao e recupere o 100% da actividade, evitando a destrución de postos de traballo.

Esta declaración realizada a raíz do acordo dos grupos políticos con representación na corporación municipal será ratificada no vindeiro pleno municipal para os efectos oportunos.

Ana Belén Ermida Igrexas
Alcaldesa

